

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 24 DE OUTUBRO DE 2013**

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 19:09 horas do día 24 de outubro de 2013, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Panceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá, dona Rita María Couto Seijido (quen se ausenta antes da votación do punto segundo da orde do día) e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asiste: don José Antonio López Rodríguez

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. Aprobación, se procede, do expediente de aprobación do orzamento municipal e o cadro de persoal para o exercicio 2013**

Consta no expediente proxecto de orzamento 2013, informe de intervención de 11.10.2013 e a seguinte proposta da alcaldía de 11.10.2013 que foi ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 21 de outubro do 2013 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP, e 5 votos en contra (2 do grupo municipal PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto):

“ASUNTO.- APROBACION INICIAL ORZAMENTO XERAL E PLANTILLA DE PERSONAL PARA O EXERCICIO 2013.

Primeiro: Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación do exercicio 2013 que ascende a un importe de 9.922.866,05 € no Estado de Ingresos e de Gastos segundo o seguinte detalle:

GASTOS	(€)	INGRESOS	(€)
Cap. 1.- Gastos de personal	4356279,11	Cap. 1.- Impostos directos	3907900,00
Cap.2.- Gastos en besn correntes e servizos	4225982,91	Cap. 2.- Impostos indirectos	55000,00
Cap. 3.- Gastos financeiros	48200,00	Cap.3.- Tasas e outros ingresos	2091890,01
Cap. 4.- Transferencias correntes	535133,00	Cap. 4.- Transferencias correntes	3660268,65

D-0  
09€  
051  
-P-  
-E-  
-C-

		Cap.5.- Ingresos patrimoniales	50100,00
Cap.6.- Investimentos reais	242936,03	Cap.6.- Enaxenación de investimentos reais	2800,00
Cap.7.- Transferencias de capital	0.00	Cap.7.- Transferencias de capital	99907,39
Cap. 8.- Activos financeiros	55000,00	Cap.8.- Activos financeiros	55000,00
Cap. 9.- Pasivos financeiros	459335,00	Cap. 9.- Pasivos financeiros	0,00
TOTAL	9922866,05	TOTAL	9922866,05

Segundo.- Dispoñer que as modificacións de crédito nº 2/2013; 3/2013; 4/2013; 5/2013; 6/2013; 7/2013; 8/2013; 9/2013; 10/2013; 11/2013; 12/2013; 13/2013 na modalidade de transferencias de créditos; modificación nº 1/2013 e 2/2013 na modalidade de xeración de créditos realizadas sobre o orzamento prorrogado se consideren incluídas nos créditos iniciais do orzamento que se somete a aprobación, e elo debido a que ditas modificacións xa foron tidas en conta á hora de elaborar o presente orzamento, todo elo en aplicación do disposto no art. 21.6 do RD 500/90.

Terceiro.- Expoñer ó público por un período de quince días mediante previo anuncio inserto no boletín oficial da provincia. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións.

Cuarto.- Aprobado inicialmente a plantilla que consta como documento incorporado ó orzamento, acordar a súa publicación mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia así como no taboleiro de Edictos da Corporación e unha vez aprobada definitivamente, remitir copia á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma."

Abre o debate o alcalde que di que este ano 2013 comezou cun orzamento prorrogado do ano 2012, que falando en números redondos, era de aproximadamente 9.300.000 euros. En principio o concello non debía ter ningún problema para continuar con este orzamento prorrogado no caso de que as forzas políticas chegaran a un acordo para confeccionar e consensuar un novo orzamento para este ano 2013. Do orzamento prorrogado do ano 2012 quedou un remanente de tesourería, é dicir, beneficio ou cartos que non se gastaron de aproximadamente 228.000 euros.

Prosegue dicindo que se fixo un novo proxecto de orzamentos que se entregou aos grupos políticos no mes de febreiro e sobre este borrador se comezou a negociar, con interrupcións e continuacións, dun xeito non moi regular. Tamén sinala que houbo unha proposta do grupo municipal do BNG que foi a confección dun plan de emprego para o ano 2013 que deu lugar á creación dunha comisión especial e así vaise chegando ao mes de maio de 2013. A finais de maio e principios de xuño o goberno central, mediante o Ministerio de Facenda, aprobou o terceiro plan de pagamento a provedores que obriga aos concellos a liquidar toda a débeda recoñecida a 31.05.2013. Ante isto, e cos orzamentos prorrogados, falouse cos grupos políticos e xogouse con dúas opcións, unha que era acudir ao plan de rescate para pagar aos provedores por importe de 200.000 euros e liquidar toda a débeda do concello ata o 31.05.2013 ou ben baleirar as partidas orzamentarias dos orzamentos prorrogados e afrontar o pagamento a provedores sen acudir ao Ministerio de Facenda e pagar aos provedores con fondos propios. Por acordo de todas as forzas acordouse pagar aos provedores cos fondos propios coa boa idea de que no mes de setembro o remanente do ano pasado podería ser incorporado a este orzamento prorrogado para encher aquelas partidas que quedaron baleiras como consecuencia do pagamento a provedores. Por cuestións legais do goberno central, isto aínda non foi posible, polo que se todo segue igual e non cambia o artigo 32 da Lei de estabilidade eses cartos pasarán a amortizar débeda bancaria de anos anteriores deste concello.

A situación actual do concello é que hai cartos, por un lado o remanente e por outro o exceso de recadación do IBI como consecuencia da suba imposta polo goberno central, que xuntos poden

aproximar os 900.000 euros, pero non se poden utilizar. Por todo isto o grupo de goberno iniciou, no último momento, este novo proxecto de orzamentos, tendo en conta o dito ata agora e a sabendas de que este orzamento non ten percorrido ningún, xa que se o orzamento se aprobase hoxe e logo da súa publicación entraría en vigor case que a fin de ano, polo que se trata máis que nada dunha consolidación de contas, xa que o orzamento non vai ter vida suficiente para máis.

Este orzamento poderá ter vida como orzamento prorrogado cara ao ano que vén, de xeito que en vez de contar con 9.300.000 euros contarase con 9.844.000 euros, que é unha diferenza substancial, cartos que de non ser absorbidos agora pasarán a amortizar débeda bancaria.

Para maior abondamento, a partir do mes de maio do 2013, o concello tivo e terá que facer fronte a unha serie de pagamentos xudiciais de litixios que están por rematar ou que rematarán nesta lexislatura, así como dos pagamentos das minutas dos profesionais, basicamente avogados, que poden levar a gastar neste ano e no que vén máis de 300.000 euros, o que dá lugar a unha situación que cualifica como grave.

A maiores, este grupo de goberno encargou unha serie de proxectos de obras e servizos que están pendentes de executar e corren perigo de non ser executados caso de non aprobarse este orzamento, así, cita unha escola obradoiro para 22 persoas, o plan de cooperación para 4 persoas e o plan de emprego que se consignou orzamentariamente por importe de 200.000 euros.

Como dixó antes, o remanente de tesourería que se xerou co orzamento prorrogado deste ano non pode ser utilizado para gasto corrente senón que terá que ser utilizado para cancelar débeda bancaria e como consecuencia daquel baleiramento de contas hai que ter en conta a lei estatal que establece unhas datas de pagamentos a provedores. Deste xeito, Fene está pagando a provedores a 40 días e se o orzamento non se aproba provocará un retraso e non se poderá cumprir con aquela lei, provocando que o remanente de tesourería deste exercicio, que podería ser duns 300.000 euros, terá tamén que ir a amortizar débeda bancaria.

Todo isto garda relación con este proxecto de orzamento e provocará unha serie de acontecementos o vindeiro ano. En primeiro lugar pode dar lugar á imposibilidade de facer fronte aos gastos de servizos básicos. Como consecuencia da insuficiencia crediticia do orzamento prorrogado existirá ademais a dificultade ou mesmo a imposibilidade de chegar á xustificación dalgunha subvención concedida regularmente para o financiamento de determinados servizos coa conseguinte perda, total ou parcial, do financiamento afectado, o que tería a conseguinte repercusión orzamentaria que aparecería na liquidación do ano 2013. Así, pon por caso que as últimas subvencións da Deputación ou da Xunta de Galicia levan implícitas unha achega de parte da inversión que subvenciona ou o pagamento do IVE, como así foi no caso dos proxectos de eficiencia enerxética ou no proxecto do camiño do cemiterio co Vilar do Colo.

Tamén sinala que pode xurdir a imposibilidade de asumir o gasto comprometido para a xestión da nova depuradora, actualmente está en fase de licitación e próxima a súa finalización, polo que previsiblemente o contrato dará comezo a principios do vindeiro ano e pode darse o caso de ter que formalizar un contrato sen crédito orzamentario, o que daría lugar a estar ante un suposto de nulidade de pleno dereito con importantes consecuencias, xurídicas e económicas.

É preciso consignar o incremento derivado do IVE do orzamento prorrogado do ano 2012. Tamén se dá a imposibilidade de asumir co orzamento prorrogado o gasto corrente do exercicio, motivado en boa parte pola aprobación dos expedientes extraxudiciais de crédito aprobados tanto polo Pleno no ano 2013, así como os gastos do mes de decembro que se presentaron en xaneiro do 2013 e as facturas que estaban pendentes do ano 2012.

En último termo tamén cita o proxecto da Lei orgánica do control da débeda comercial do sector público, actualmente en fase de tramitación e que figura publicado no Boletín Oficial do Congreso dos Deputados do 04.10.2013, así a exposición de motivos sinala entre outros, que as administracións públicas están obrigadas a pagar en 30 días aos seus provedores. A morosidade pública atinxe tanto ao sector público como ao privado, así para o sector privado xéranse efectos negativos en canto a morosidade das administracións públicas, xeran custes de transacción e de financiamento cos provedores o que causa un efecto de transmisión da morosidade na cadea de produción coas conseguintes perdas de eficiencia e competitividade para o conxunto da economía, polo que o que comeza sendo morosidade pública acaba por ser morosidade privada. Para o sector público os

D-0  
396  
151  
P-  
E:  
CI

efectos negativos maniféstanse especialmente na afectación da sostibilidade financeira porque, ademais do sobrecoste que supón pagar con xuros de mora, xérase un maior compromiso de gasto futuro, o que compromete aos recursos futuros. Unha maior morosidade vai xerar unha maior débeda comercial que á súa vez xerará unha menor sostibilidade financeira e por ende inestabilidade orzamentaria, sen entrar no tema do teito de gasto que xa está fixado e non se pode sobrepasar. Créase tamén a obriga das administracións públicas de facer fronte ao pagamento medio a provedores e complétase con medidas que, unilateralmente, cada administración debe aplicar cando detecte períodos medios de pagamento que superen os límites permitidos. As administracións públicas deberán publicar tamén o período medio de pago a provedores e, se ese prazo supera o prazo máximo previsto, a administración deberá incluír no plan de tesourería entre outros, o importe dos recursos que se van empregar mensualmente para reducir o período medio de pagamento e o compromiso de adoptar medidas cuantificadas de redución de gastos, incrementos de ingresos e outras medidas de xestión de cobros.

Tamén hai que ter en conta a modificación do artigo 32 da Lei de estabilidade orzamentaria respecto do destino do superávit orzamentario, que como xa dixox, deberá ir directamente a cancelar débeda bancaria de anos anteriores, que no seu día foi moi elevada e que hoxe coa aprobación deste orzamento podería quedar en 1.600.000 euros, débeda moi asumible, xa que ten uns xuros entre o 1% e o 1,5%. O que non é razoable é o que se está pretendendo impoñer con esta nova lexislación coa que el, persoalmente, non está de acordo, porque non se pode obrigar a cancelar débeda antiga que pode ter poucos xuros para logo poder ter a necesidade de concertar débeda nova con xuros moito máis elevados.

Resumindo, di que a transcendencia destes orzamentos é importante, pensa que as circunstancias que se deron no mes de maio co baleirado de partidas orzamentarias do orzamento prorrogado e a non posibilidade de volveras encher co superávit do orzamento do ano pasado xera un problema bastante grave e importante, que vai ter unha incidencia negativa no funcionamento diario, sen entrar naqueles pagamentos que houbo que facer en concepto de indemnizacións de gastos xudiciais que poden ser uns 300.000 euros.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que lle sorprende escoitar estas reflexións de boca do alcalde, máximo responsable do partido popular de Fene, partido que en toda a súa historia democrática foi incapaz de votar a favor ou de absterse na votación dos orzamentos que se presentaron aquí. As cousas dende o goberno vense diferentes e cando chama aos grupos municipais á responsabilidade ou lles intenta botar enriba todo o lixo que supón a non aprobación do orzamento, que non foron quen de xestionar, non pensa que sexa o máis axeitado, nin que o partido popular de Fene sexa o máis adecuado para falar disto. Non hai tanto houbo outro goberno municipal que estivo en minoría os dous últimos anos e o partido popular foi incapaz, nin sequera, de absterse e votou en contra todos os proxectos de orzamento que se presentaron. Máis atrás cando gobernou o BNG en minoría tamén votou en contra todas e cada unha das veces que tivo a oportunidade, polo que as reflexións as reciben e aceptan, pero non aceptan as súas leccións e moito menos dende o partido socialista, que di que foi bastante responsable e tragou bastantes veces pensando no pobo de Fene antes que pensar en intereses persoais ou partidistas, favorecendo a aprobación dos orzamentos municipais deste mandato municipal.

Díxoselles que se o orzamento non sae adiante vanse perder subvencións, non se vai poder executar a escola obradoiro, que non se vai poder pór en marcha ese suposto plan de emprego que vai no orzamento (e que entende que só é un plan de emprego no nome, porque na práctica non o é, xa que se regulariza unha serie de pagamentos a unha serie de servizos externalizados), que corre risco o plan de cooperación e outra serie de inversións. Ao respecto di que xa o dixox sistematicamente neste Pleno e repite agora que se traia aquí cada inversión que corra perigo no Concello de Fene, ben sexa individualmente, como modificación de crédito ou como se queira, pero roga que a traian porque o partido socialista non vai deixar que se perda nin un só investimento para Fene, como sempre fixo e como nunca deixou que se perdera, pero o que non pode ser é que o goberno intente chantaxearlles pedíndolles que traguen cun orzamento que non hai por onde collelo, que o que vai facer e traer máis miseria para este pobo, afondar nas políticas de recorte e "austericidio" do partido popular e que, inda por riba, haxa que asumilo por non perder subvencións. O seu grupo está disposto a colaborar e aprobar todo tipo de inversión, sen ningún lugar de dúbidas, como a segunda galescola, ampliación do instituto, a auga de Magalofes, o centro de día e demais cousas que a Xunta ten pendente con Fene e que podan correr algún tipo de risco.

D-O  
360  
150  
P-  
F:  
CI

Prosegue dicíndolle ao alcalde que se laia de que o remanente de tesourería teña que destinarse ao pagamento de débeda bancaria e dille que ese é un método, así o ano pasado e sen ningún tipo de necesidade o goberno decidiu gastar 60.000 euros para o pagamento de débeda bancaria porque si.

Respecto da lexislación estatal dille ao alcalde que semella que todos son vítimas dela, inda que en parte é certo, xa que o goberno de España está arruinando literalmente aos concellos, os está secuestrando a nivel de competencias e mesmo concellos saneados como Fene, que xa antes de que gobernara o PP había informes da Deputación do ano 2011 que confirmaban que era o concello máis saneado da provincia no seu tramo de poboación, non poden dispor dos seus recursos porque o todo o partido popular decide legislar así, e dille ao alcalde que poden falar cos seus compañeiros de partido para convencelos de que fagan outra cousa, que o que el non vai facer no Pleno do Concello de Fene é ser cómplice daquelas políticas noxentas que o partido popular está poñendo en marcha, como noutros tantos ámbitos, na administración local. Se Rajoy é moi malo, bóteno, pero el non pode solucionar a vida orgánica do partido popular.

Prosegue dicindo que no ano 2010 o alcalde dixo: -o señor Iván Puentes non fixo ningún tipo de negociación, é un trágalo, ou che gusta ou non che gusta, e a nosoutros non nos gusta este presuposto- e ademais deron razóns, -falta información, non hai información que se comparta cos grupos municipais, descontrol, hai varias partidas, entre elas a de limpeza e a de asesoramento xurídico na que o elevado importe de gasto presupostado carece de amparo legal, non se optimizan os servizos do concello, ademais hai un incumprimento das inversións prometidas e hai unha ausencia dun plan de redución de gasto corrente e de partidas dedicadas á promoción industrial e comercial-. Por iso, cando se ve este orzamento que incrementa o gasto corrente e que non ten partidas destinadas á promoción industrial e comercial, agás nese falso plan de emprego que explicarán o porqué del, entenderá bastante ben as razóns para votar en contra deste orzamento, porque unha boa parte están verbalizadas polo partido popular cando estaba na oposición.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro do grupo municipal socialista, don Antón Lois Noceda Carballo, que di que causa certo rubor escoitar as palabras do alcalde, non vai dicir que mente pero si que di só aquelas verdades que lle interesa e oculta aquelas outras que non lle interesan. Deste orzamento pódense dicir moitas cousas, pero non que reduce a débeda, pois un só pode reducila se ten a capacidade de facelo, se non hai a capacidade de decidilo porque non se poden pedir créditos o que hai é a redución automática dos contratos que ten o concello coas entidades financeiras coa amortización anual. En todo caso, como ao goberno gústalle falar da redución da débeda e a vincular coa liquidez, cousas ben diferentes, expón algúns datos: así, no proxecto de orzamento entre amortizacións e gastos financeiros suman un total duns 509.000 euros de orzamento dedicados a gastos de débeda, no anterior exercicio foron 741.000 euros e deixando a un lado a época socialista, máis atrás, durante o goberno do BNG á débeda era máis alta, sen entrar a debater se era xustificada ou non, así no ano 2006, sendo a débeda superior entre intereses e amortización de débeda gastáronse 425.000 euros, case que 100.000 euros menos do que se pensa gastar este ano, é certo que a costa de manter o pagamento da débeda a máis longo prazo pero producindo uns efectos sobre a xestión dos veciños que xeraban liquidez para facer pagamentos e investimentos.

O partido socialista ten unha idea moi clara respecto do endebedamento, hai que reduci-lo, agás cando haxa que facer inversións necesarias e imprescindibles para os veciños que sexan importantes, como é o tema da depuradora. Se hai que endebedarse, haino que facer.

Nos derradeiros anos a capacidade de decisión dos gobernos sobre a débeda foi limitadísima, é certo que outros tiveron a ocasión de pedir créditos ou non, e o partido socialista, cando lle tocou, tomou a decisión de pedir só aqueles créditos que consideraron imprescindibles para realizar obras para os veciños, segundo o seu modelo. Dille ao alcalde que o seu goberno non segue ningún plan, no seu día incrementou a amortización da débeda, a cal pegou un salto no ano 2009 logo de que o goberno estatal decidiu quitarlle aos funcionarios o 5% dos soldos para dedicalo á amortización da débeda e dende aquela vaise incrementando a amortización, o ano pasado moito máis porque vostedes decidiron destinar 125.000 euros para pagarlles aos bancos e non a provedores, cartos que se arrastraron a este exercicio. Agora vén a chorar que non ten cartos para pagar e, se isto é así, dille que non lle dera cartos aos bancos, que podían ter destinado aqueles cartos aos veciños e non o fixo porque non quixo facelo. As veces díxose que non se tiña capacidade para decidir o orzamento e isto é así porque o goberno do partido popular en Madrid bloqueou o remanente de tesourería, por iso

D-0  
036  
150  
P-  
F:  
C:

pídelle que falen co seu goberno, que é o que está a hipotecar o país, para que solucione o problema deste e doutros concellos.

Di que cos datos enriba da mesa, hai que deixar de falar de débedas estrañas e de situacións alarmantes na economía municipal, pois non existe, e os números reflicten o que se gasta cada ano en débeda, en amortizacións, nos xuros e na capacidade que a partir de aí queda para xestionar servizos e inversións para os veciños de Fene. Esta é a primeira e fundamental falsidade dos orzamentos deste ano. O alcalde dixo que non ía haber cartos para pagarlles aos provedores e non é verdade, está convencido de que todos os grupos desta corporación van facilitar que se lles pague e se fagan as modificacións orzamentarias que sexan precisas para iso; no informe de intervención dise, ata en tres veces, que existe a necesidade imperiosa de controlar o gasto corrente, que por certo bate un record histórico este ano, pois nunca Fene gastou 4.225.982,91 euros e non vale que se diga que se están a pagar facturas de atrás porque todos os gobernos de Fene o fixeron e non viñeron ao pleno a chorar. Cando hai unha herdanza ou se comeza a xestionar unha entidade, se colle co bo e co malo, e así cada goberno foi facendo o que puido para pagar a débeda bancaria. No seu caso, dille ao alcalde que lle quedou unha situación, comparada co resto da comarca e da provincia, bastante saneada.

Na memoria da alcaldía dise que os orzamentos incrementan os investimentos en política social, pero ¿que incrementan? En relación co incremento de 117.000 euros en dependencia dille que as contas llas pode facer el, que dificilmente se pode dicir que se incrementa o que un está obrigado a facer, xa que esta partida provén en máis dun 90% dos cartos das administracións autonómica e central.

Prosegue dicindo que respecto da dependencia, naquela regulamentación na que se aprobaron as novas taxas para os dependentes, cifrábase o custe hora en 13,25 ou 13,50 euros e as contas da dependencia son que deses cartos máis de 9 euros veñen da Xunta, outro euro ou case que dous euros son pagados polos usuarios, cando non máis, aínda que é certo que nos tramos de renda baixa non aportan nada, só faltaría, e o concello aporta un euro hora; pregúntalle ao alcalde se esa é a tremenda achega do Concello de Fene á dependencia. Dubida de que sexa un euro, porque aínda está esperando que se lle faciliten as contas para poder calcular canto achega o concello.

Desmitificado xa o pagamento a provedores e as políticas sociais, o alcalde dixo que se incrementou en 5.900 euros os gastos en emerxencia social e iso é das poucas verdades en termos absolutos que se pode ver nos orzamentos.

O partido socialista non pode votar a favor destes gastos porque lle dixo con claridade hai xa un ano que con este tipo de políticas sociais non podía contar con eles, que se está a vivir outra época, que o teñen que saber dunha vez. Respecto da dependencia, hoxe en día o partido socialista ten outro modelo segundo o cambio que sufriu a sociedade, que é, desgrazadamente, moito máis duro e moito peor que a situación que había no ano 2008 e anteriores e, polo tanto, son necesarias outras políticas sociais. Non chega con meter na caixa das urxencias para darlle de comer á xente unha esmola porque esta situación non vai rematar mañá, senón que vai para anos a recuperación dun emprego razoable e que a sociedade poida vivir con folgura, polo que hai que prepararse para tempo. Cita como exemplos outros modelos, así hai modelos que executan políticas agroalimentarias, hai gobernos autónomos que garanten a comida dos rapaces nas escolas porque se están dando problemas de alimentación dos nenos, hai gobernos municipais que pagan a diferenza dos cartos que xa non paga o Estado para enfermos crónicos, en definitiva, di que hai administracións que están traballando cara a outros modelos de xestión, porque hai outra realidade. Hai quen vive instalado na realidade do ano 2008 e anteriores e aqueles anos non volverán en moito tempo.

Na memoria da alcaldía fálase dun plan de emprego de 200.000 euros que foi solicitado polo BNG e ao que o partido socialista fixo contribucións nas comisións que se fixeron, pero pregúntalle ao alcalde que plan de emprego é este que comezaría a gastarse a partir de finais de novembro ata o 31 de decembro. Di que iso é imposible, xa que de aprobarse estes orzamentos entrarían en vigor nun mes e pregúntalle ao alcalde que vai facer nun mes. Dille ao alcalde que non diga cousas que non son verdade, que non se pode facer un plan de emprego e desenvolveo nun mes, que todo iso é fume e o peor e que o goberno o sabe, inclúeno nos orzamentos para ter un titular nos xornais de mañá e, neste tema, pouco lle importa a veciñanza.

Na memoria da alcaldía tamén se fala dunha suposta mellora dos temas laborais e dille ao alcalde que o seu grupo xa o dixo cando se tratou a RPT que era insuficiente, que había que avanzar, que hai informes de intervención que din que existen situacións de determinado persoal que formalmente

D-0  
396  
150  
P-  
F:  
CI

están adscritos a un determinado servizo pero que, de facto e sen acordo algún por parte dos órganos de goberno da corporación, están desempeñando outros postos de traballo, inexistentes, por outra parte, e dos que algúns non figuran na propia RPT aprobada recentemente. Isto quere dicir que a RPT soluciona parte dos problemas que había e deixa outros no tinteiro, como xa dixo o seu partido e dalle un dato, cando fala do informe dos límites de gasto, o informe de intervención di que o complemento específico para este ano ten un límite legal de 545.804,99 euros e a contía orzamentada é de 569.370,89 euros, é dicir, supérase o límite legal e algún día, cando chegue o momento, terán que dar explicacións do porqué, xa que a responsabilidade é deste goberno porque foron quen os levaron por ese camiño.

Dille ao alcalde que os seus orzamentos a nivel xeral significan basicamente tres cousas: a nivel de ingresos, quédase coa parte que reflicte o informe da intervención municipal, que di que os ingresos están estancados e non hai previsión de por onde poder subilos; o capítulo II do gasto sube case que 400.000 euros o gasto corrente, que sería un bo sitio de onde sacar cartos para investimento; a inversión municipal é a máis baixa de todos os anos que coñece deste concello.

Prosegue dicíndolle ao alcalde que eses son as súas cifras e os seus datos e ese o seu fracaso; que non veña acusar á oposición de que non se vai poder pagar ou do que non se vai poder facer, xa que non se fará o que non se consensuou co resto da corporación. Non teñen culpa de que o alcalde se comprometese a facer cousas que non son competencias do goberno, senón do pleno, e estes asuntos competencia do pleno hainos que falar e negociar, senón é mellor quedar calado. En todo caso dille ao alcalde que houbo máis gobernos en Fene que tiveron que gobernar con orzamentos prorrogados e se puido e se fixo. Se non pode facelo, dille que gobernar non é obrigatorio e que malo será que o resto da corporación non poida facer un esforzo por sacar isto adiante.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que no mes de xaneiro deste ano o BNG entregou neste Pleno un documento que era moito máis que un plan de emprego, era un plan de emprego e de reactivación económica do Concello de Fene que non se tomou en serio cando se presentou; un mes despois solicitáronlle ao alcalde que convocase un pleno extraordinario para debatelo e constituír unha comisión de traballo para desenvolver o plan, condición que sempre impuxo o BNG para poder falar do orzamento. O BNG propuxo isto en xaneiro no Pleno, en febreiro no rexistro, en marzo noutro Pleno, aquel no que o alcalde tentou derivar o asunto ao mes de abril, saltando mesmo a legalidade vixente, o que reflicte a intención máis que evidente de quitarlle importancia a súa proposta, que non era máis que a creación de emprego, a axuda as familias con menos recursos e o apoio directo do concello ás PEMES e aos autónomos.

Ao escoitar a intervención do alcalde di que fixo unha radiografía de manual do desastre lexislativo segundo a distinta lexislación que o goberno de Mariano Rajoy está a impoñer. Prohibiu a utilización do remanente, subiu o IVE, que provoca o incremento dos gastos e o descontrol do orzamento, e obrigou en maio a facer un pagamento a provedores. Se o partido popular, dende arriba ata abaixo, toma medidas contra a xente, ¿como pode pretender, a finais de outubro, presentar un orzamento que cualifica como decepcionante e ao que lle falla proxecto e traballo de políticas? A exposición de motivos que fixo o alcalde é medio verdade porque contén cuestións que son certas aínda que outras pasan polo fío da navalla. En todo caso, quen non é responsable de que hoxe Fene estea sen orzamento non é o BNG, que fixo propostas en positivo coa crenza de que había puntos de encontro aos que se podía chegar. Así, o BNG facilitou que se aprobasen todas aquelas modificacións de crédito e proxectos que se foron traendo a este Pleno, polo que non sabe cal e a idea que o alcalde pretende transmitirle aos grupos, pois semella que o PP non sabe traballar nos tempos nos que vivimos, dende arriba no goberno central ata aquí no goberno deste Concello. O BNG presentou un plan político co que se pretendía favorecer á xente de Fene, que segue a ter unhas 1.400 persoas desempregadas, perdendo poboación, porque marchan ao estranxeiro, e aínda así as cifras do desemprego seguen a medrar.

Este orzamento fai referencia a un plan de emprego que dende febreiro ata hoxe o goberno non foi quen de consensuar nun documento de traballo que servise para desenvolvelo. O concelleiro de facenda dixo na Comisión que este non era o orzamento que lle gustaría ao partido popular e dille que ao BNG tampouco lle gusta porque é realmente malo. Nace morto polos tempos e non ten espazo temporal, agás por dúas ou tres cousas, algunha das cales están mal orzamentadas, segundo se recoñeceu, como a partida da carreira Adolfo Ros ou a partida por se hai que pagar unha posible demanda que interpoña Aquagest.

G-0  
360  
150  
P-  
F-  
C

O BNG fixo propostas concretas que non foron atendidas, propostas que favorecían á xente e non ao BNG. O goberno é o único responsable de traer un orzamento o 24 de outubro ou de comprometer gastos que non tiña nun orzamento prorrogado como pasou cando o goberno comprometeu gastos de subvencións nominativas que non tiñan no orzamento prorrogado do 2012, que daquela contemplaba unhas entidades e agora hai outras, con outras subvencións, que se inclúen nun orzamento sobre actividades xa feitas. Ademais a esas entidades díxoselles que como non lle aproben os orzamentos non ían ter as subvencións e iso é falso. Púxose o carro diante dos bois e prometeuse o que non se tiña. Así, o luns vai haber unha Comisión Informativa na que se levarán unhas modificacións de crédito e pregunta: ¿por que non se levou unha modificación específica de modificación de crédito para as bases do orzamento na que se diga festa da ameixa, festa do polbo ou o Felipop? Estas son as tres partidas que se van incorporar e o seu grupo votaría a favor delas e está seguro que os demais grupos tamén porque son actividades que todos entenden que se poden facer e que ben poden levar unha subvención. En vez disto, o goberno prometeu estas actividades sen telas orzamentadas e iso é enganar ao pobo e á oposición e, por riba, todo isto condicionase a este orzamento, que vén o 24 de outubro e que só arranza catro cousas.

Por todo isto, rógalle ao goberno que sexa minimamente dilixente e que non fagan á oposición responsable de todo aquilo que non fixo durante todo o ano. O BNG sabe o que quere para Fene, quere un plan de emprego transparente, con bases consensuadas, que cree emprego dende o concello e que mellore os servizos municipais, un plan de reactivación económica que favoreza ás PEMES. O BNG chegou a concretar que se podían rebaixar taxas e impostos por importe de 100.000 euros porque xa sabían que se ían cobrar case que 200.000 euros máis pola suba do IBI. Engade que o BNG fixo unha proposta moi concreta de modificación de taxas para que as axudas sociais fosen moito máis amplas e dixo que debían recoller todos os recortes que está facendo o partido popular en materia sanitaria ou educativa, por non falar do comer, xa que se está nunha situación moi dramática na que moita xente o está pasando realmente mal e isto non se pode pasar por enriba cunha partida incrementada de 5900 euros, que é o que se incrementa este ano; considera que a proposta debía ser moito máis xenerosa e axustada a estes tempos nos que, por exemplo, se segue a manter a condición de que quen teña un coche non pode ter exención da auga, medida que foi aprobada polo BNG no seu día e que non se axusta á realidade de hoxe, xa que moitos coches valen menos cas axudas que deu o goberno no PIVE e non é razoable que as familias para poder aforrar uns cartos no recibo da auga teñan que se desfacer daquel coche que xa non vale nada ou case que nada, pero que aínda lles pode ser útil. Isto ademais incide no feito de que quen teña unha débeda co concello non pode recibir axudas municipais, polo que di que o que hai que facer é ver cal é a situación real, situación que hoxe en día é dramática.

Estas exencións as pretendían para as empresas pequenas, non para Navantia, para as grandes superficies comerciais ou os bancos, senón para os bares, os comercios ou os pequenos autónomos que teñen un, dous ou tres empregados, facendo exencións concretas nas taxas.

Ao BNG gustaríalle que se mercasen os terreos para a auga de Magalofes ou que se fixeran investimentos máis grandes que tivesen un horizonte de futuro; podíanse facer pequenos incrementos nas subvencións de concorrencia competitiva do 10 ou do 15%, pois recadáronse uns 200.000 euros máis polo IBI e o lóxico sería devolverllos á sociedade dalgún xeito, investindo na xente de menos recursos e en todos aqueles emprendedores, autónomos e PEMES que traballan en Fene.

Ante esta situación, o BNG, non poden dicir que si a estes orzamentos, nin poden absterse, e anuncia que será a primeira vez na historia deste Concello que voten en contra dun orzamento municipal, caso de persistir nel, o que quere dicir que se votan en contra algo cambiou e non foi no BNG, senón que foi no partido popular de Fene, que é quen goberna.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que comparten o dito ata agora pola oposición pero que quere facer fincapé en algunhas cuestións. O ano pasado dedicáronse entre 100.000 e 120.000 euros voluntariamente para pagarlles aos bancos en detrimento doutras cousas que se podían facer para a veciñanza e agora semella que iso é un grave problema do que se lamenta o goberno. Tamén chámalle a atención os gastos xudiciais, pois cando alguén denuncia ao concello e gaña significa que o concello non o estaba a facer ben, e o problema é que tampouco se está a facer nada para evitar que no futuro se sigan producindo reclamacións deste tipo, xa que hai situacións que saben que non funcionan e que se pode prever que se repitan reclamacións, pero non hai quen lle poña o cascabel ao gato. É evidente

D-0  
360  
150  
P-  
F:  
CI



que terán que dicirlle ao goberno central, respecto dos cambios legislativos que van en contra dos veciños, que non van seguir gobernando nesta situación, xa que pensa que primeiro serán os veciños de Fene e logo a condición política. Respecto dos servizos sociais di que todas as partidas que se poidan deixar son poucas xa que en Fene hai moita xente que o está a pasar moi mal, así unha partida que lles pareceu que se podía destinar para servizos sociais foi a partida que se dedicou á RPT, e con isto non quere que se interprete que non é partidaria de que se fixera a RPT, que era necesaria, pero se podía ter feito de balde ou cando menos, gastando moitos menos cartos. Respecto do plan de emprego, coincide en que era necesario, que se tardou ben dous ou tres meses en aprobar o o pleno e logo, reuníronse tres ou catro vecen sen que fosen quen de chegar a ningún acordo; por aquel entón falábase de que se podían adicar uns 120.000 euros e agora no orzamento hai unha partida de 200.000 euros, o que significa que cando se queren buscar cartos hai onde buscalos e igual xa se puideron ter daquela, de tal forma que o plan de emprego xa estaría en marcha e pode que non se tivera que ter contratado empresas privadas para temas de limpeza ou semellantes, que supoñen un montón de cartos para o concello.

Suxire que se preparen os orzamentos do ano 2014, que son os que se tiñan que estar debatendo hoxe aquí, a poder ser co máximo consenso posible, sendo para ela o máis prioritario, ademais do plan de emprego, as partidas para asuntos sociais. Sabe que a política do partido popular é multar con 700 euros a aquelas familias que busquen no lixo, pero, pola contra, ela pensa que, se buscan no lixo, é porque non teñen eses cartos. Por todo isto e por todo o mencionado antes, anuncia que vai votar en contra dos orzamentos.

A continuación fai uso da palabra o alcalde que di que quere matizar algunhas das cousas que se dixeron. En primeiro lugar quere darlle as grazas ao voceiro do grupo municipal do BNG por dicir que algunhas das cousas que dixo el non son mentira, co cal a súa intervención queda un pouco mediatizada. Dille ao voceiro do grupo municipal socialista que na súa intervención dixo que o seu partido xa facilitou a aprobación de dous orzamentos e dille que ten que explicar o porqué disto, que é que o seu partido tiña necesidade e conveniencia para que se fixera así, xa que a débeda a provedores que quedou foi de 900.000 euros, sen prexuízo das cousas que agora veñen vía xudicial e que todos coñecen. Daqueles 900.000 euros en novembro houbo que concertar un crédito ICO de 390.000 euros para facer o pagamento daquelas facturas, cartos que había que amortizalos en tres anos, que son as amortización ás que fixo referencia e que non son de 60.000 euros, senón que son de case que 120.000 euros. O ano pasado adiantouse unha anualidade co cal o concello aforrou 30.000 euros de xuros. Logo veu o segundo plan de pagamento a provedores que tivo que facer fronte a máis de 200.000 euros das súas facturas e que este goberno tivo que asumir. Por iso non se pode dicir que facilitaron a aprobación dos orzamentos polos veciños de Fene, senón que foi por algo máis tamén, xa que segundo o que el pensa, na lexislatura do PSOE, ao contrario que nas lexislaturas do BNG, non se fixo máis inversión que a depuradora e para o crédito da depuradora, como dixo o voceiro socialista que se hai que pedir un crédito para tapar un furado da casa, se pide, e non pasa nada, como así se fixo e todos estiveron de acordo. Por tanto non hai que darlle volta ás palabras, nin darlles outra interpretación máis das que teñen.

Quere lembrarlle ao voceiro do partido socialista que ten o proxecto de orzamentos dende febreiro e que foi certo que os primeiros dous anos da lexislatura do bipartito, o partido popular non votou a favor daqueles orzamentos porque tiñan maioría dabondo para aprobalos, pero lembra que o primeiro ano o PP presentou unha emenda á totalidade a aqueles orzamentos, cousa que vostedes non fixeron agora, xa que é moi doado vir aquí e dicir que isto ou aquilo está mal, pero poden elaborar un documento e introducir unha emenda á totalidade a estes orzamentos para logo aprobalos coa súa maioría e ter os orzamentos que queiran, deste xeito poderían facerllos tragar a este goberno, polo que dille á oposición que non se laien, porque a lei dalles a capacidade de argumentar, propoñer en contra e sacar para adiante uns orzamentos e isto non o fixeron, ese traballo aquí non consta polo que di que o traballo do goberno será moi malo, pero o seu é inexistente.

Prosegue a dicir que as modificacións de crédito se fixeron e nunca tiveron problema ningún, pero quere lembrarlles que para poder facer unha modificación de crédito, primeiro hai que ter crédito e iso é do que se queixa. Isto vén motivado por unha realidade que xa dixo antes, en xuño do 2013 baleiraronse as partidas do orzamento prorrogado e, se iso non se tivera feito e se acudira ao rescate para o pagamento a provedores, hoxe as partidas estarían como estiveron o ano pasado e habería cartos dabondo para levar o gasto e chegar a fin de ano. É evidente que se vai chegar igualmente, pero vostedes reprocháronnos que fixeramos amortizacións anticipadas cando agora resulta que van

D-0  
360  
150  
P-  
F-  
CI

permitir que eses cartos que hai a maiores, agora si que van ir para a amortización dos créditos bancarios.

Dille ao voceiro do grupo socialista que lle gustaría que lle explicara esa "contradictio in terminis", porque non lle valeu o ano pasado pero si lle vale ben este ano.

Respecto das súas palabras que dixo naquel Pleno que trouxo a colación o voceiro socialista, dille que as dixo e que as ratifica e lémbrale que aquelas partidas que había para a asesoría xurídica e que eran moi elevadas, eran para saltarse á secretaría municipal de forma que ían encargarse informes a un despacho privado e por iso naquel momento denunciou aqueles pagamentos e dixo que se utilizasen os servizos do concello e así consta.

Di que o goberno actual só pediu un préstamo, o ICO, para pagar as facturas da lexislatura pasada e que se vai amortizar en dous anos. A partir daquela, consta en todos os orzamentos unha amortización de 475.000 euros, falando en números aproximados, que vén formando parte dos orzamentos dende hai moitos anos, para o pagamento dos créditos do ano 2005, 2008 e algún do 2010. Con isto, non está a botarlle a culpa a ninguén, porque como se dixo, cando se gastan os cartos en inversión non hai nada que dicir e, por tanto, el non se está queixando desta amortización, porque sabe que no concello hai feito un pavillón, que se fixeron colexios ou que se fixo unha piscina. Como vostede chega moito máis alá coa súa intervención, preguntalle, ¿por que non fixo un documento alternativo? Di que isto é igual que cando se presentan esas mocións, que chama enlatadas, ás que se lle presentan emendas que se aceptan ou non. Neste caso non se presentaron emendas parciais nin totais que poderían ter os apoios necesarios para seren aprobadas neste Pleno e o goberno o tería que tragar, pero isto non pasou, non se fixo ese traballo.

Di que está claro que todo o mundo se ten que facer cargo das herdanzas, pero as herdanzas son a beneficio de inventario e iso quere dicir que si lle convén a un, quédase coa herdanza e se non, que a leven os acredores, e isto non se pode facer neste caso, hai que tragala e no orzamento prorrogado 2012 para este ano 2013 estanse tragando moitas sentenzas xudiciais, que como dicía a voceira do grupo mixto están aí, así como moitos contratos que están mal executados.

Así conclúe que a herdanza a aceptaron sen poder rexeitala a beneficio de inventario.

Cando lle dixeron que tiña que chamar aos veciños para preguntarlles dille ao voceiro do grupo municipal que supón que se referiría aos orzamentos participativos que tentou facer o PSOE, que logo nin fixeron, nin executaron. Os veciños os elixiron para estar aquí e para saber as prioridades que debe ter un goberno pero lle parece que na actual situación e segundo se está logo dos desmáns que hai baixo a autoestrada, reconducir as cousas cara os camiños e as redes de saneamento non pensa que sexa nada grave nin que iso lles vaia supor ningunha reprobación da veciñanza, reprobación quizais sexa a súa que promete e non dá. Dille que non escoitou moi ben a súa primeira intervención cando dixo que isto non era un orzamento, que o que se trataba era de consolidar contas e xa sabe que dende aquí ata o mes de decembro non van dar executado o plan de emprego, como tamén saben que o ano que vén, que é véspera de ano electoral, tampouco se van aprobar os orzamentos neste concello, pero cando menos, no orzamento prorrogado do ano que vén constarían 200.000 euros para un plan de emprego, e iso saben que é así.

En relación coa intervención do BNG, xa deu as grazas por recoñecer algo de verdade na súa intervención. Respecto da partida concreta do tema de Aguagest dille que non son futuribles porque hai unha sentenza ao respecto e sabe que neste concello nunca se lle actualizou o canon da auga a dita empresa e esa sentenza vai derivar noutro xuízo con Aquagest, porque a liquidación que pretende facer a empresa ao concello pode aproximar os 800.000 euros e non se lle vai recoñecer e ao mellor esa se converte na súa herdanza. Respecto das subvencións nominativas non deixa de recoñecer que o que dixo o voceiro ao mellor é así, pero dentro dun orzamento de 9.800.000 euros non supón máis que 3000 euros.

Respecto do dito pola voceira do grupo mixto, di que a amortización anticipada de préstamos se fixo o ano pasado por aforrar 30.000 euros de xuros, pero se non se aproban estes orzamentos todos eses cartos vense ir para amortización e vostede non está a pór ningún problema. Respecto dos gastos xudiciais dille que xa os coñece, porque llo informou el mesmo. En canto aos veciños de Fene di que están aquí para servilos, pero sen saltar as leis, que están para seren cumpridas.

Seguidamente fai uso da palabra o concelleiro de facenda, don Juan José Franco Casal, que di, en relación coa intervención do partido socialista, que se aludiu a unha serie de mentiras ao que

responde que no orzamento está todo argumentado con cifras e leis. Respecto do tema da débeda dixo que é automático pero sabe que o ano pasado si se fixo dobre e contouse co seu apoio. En terceiro lugar, en relación coas cifras díxose que hai unha serie de variacións ao que di que é normal, porque o ano pasado fíxose unha achega dobre que aforrou cartos e este ano prodúcese a última achega.

Dille ao partido socialista que se incidiu moito en dicir que deixou o concello saneado pero deixaron o concello cunha débeda de preto de tres millóns de euros e dende que están eles está na metade, 160.0000 euros. Respecto do que dixo do goberno estatal di que non lle vai responder por non ser este o foro axeitado e respecto do pagamento aos provedores di que o explicou moi ben o alcalde, non hai posibilidade de pagarlles, e menos con celeridade, se non hai un orzamento aprobado, de aí a necesidade imperiosa de aprobar este orzamento. En relación cos gastos correntes di que a partida foi feita para cubrir as necesidades dos veciños e non por capricho, están todos especificados nos orzamentos e dan conta deles nas Comisións. En canto á política social di que se aumentou o orzamento, así no ano 2011 había 125.000 euros no SAF, o ano pasado subiuse a 150.000 e este ano a 345.000 euros, aumentando segundo as súas previsións. Por outra banda, falou de realizar outra política e de que hai outro modelo, ao que lle di que nas moitas reunións que tiveron non presentou ningunha proposta distinta. O plan de emprego di que non se podería executar este ano pero quedaría para o ano que vén. As medidas laborais da RPT di que xa houbo un Pleno específico para falar delas e di que se consolidaría no caso de aprobaren este orzamento.

En canto as intervencións do grupo municipal do BNG que dixeron que o goberno non tomou en serio o documento presentado por este grupo, respóndelle que se chegou ao máximo que podía chegar, xa que o orzamento tivo uns límites fronte ao seu documento: un, respectar a legalidade vixente e moitas das propostas do BNG non encaixan nela, como así llo dixeron; dous, os cartos dispoñibles non dan para facelo todo, non obstante o orzamento recolle todas as propostas en base aos cartos que hai, por exemplo o plan de emprego prevía exencións para a creación de emprego e así consta no segundo punto da orde do día, xa que non se puido incluír dentro dos orzamentos. Respecto da petición de modificación das taxas di que este non é o lugar, xa que os orzamentos non poden prever unhas taxas novas.

En relación coa intervención do grupo mixto di, respecto da débeda, que si que é un tema grave e o problema non é que o goberno municipal lle queira dar máis cartos ao banco senón que o problema é que se non se aproban os orzamentos os bancos recibíranos automaticamente e ese é o drama da situación, segundo xa explicou o alcalde. Respecto do dito dos servizos sociais di que non poden chegar a máis e inda así se aumentan as partidas respecto do ano pasado e do anterior. En relación co plan de emprego, di que con estes orzamentos se asegurarían os cartos para este ano e para o ano que vén.

En definitiva, di que estes orzamentos conseguen que se fagan todas as políticas de emprego, tanto o plan de emprego, a escola obradoiro e os plans da Deputación, así como todas as demais partes de inversión que están pendentes de facer.

Seguidamente fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que lle dá pereza contestar ante tal cantidade de despropósitos, pero cando escoita dicir que o partido socialista favoreceu a aprobación dos orzamentos nos dous primeiros anos pola súa necesidade e conveniencia o único que lle vén á cabeza é o refrán que di que cre o ladrón que todos son da súa condición. Desafortunadamente o partido socialista non estivo na oposición só co partido popular, tamén estivo moitos anos antes cando gobernaba o BNG e a actitude era a mesma, a de favorecer a aprobación dos orzamentos e non había facturas que aprobar de antes, nin outros gastos comprometidos ou intereses ocultos, sinxelamente o facían, estando na oposición, por responsabilidade, do mesmo xeito que o fixeron co seu goberno, actitude que vostedes non tiveron nunca en toda a historia deste Concello, xa que sempre votaron en contra. A emenda que di o alcalde que presentou o PP no ano 2008 debeuse perder por algún lado, porque aquí non chegou. Lembra unha folla cunha serie de medidas e iso non é unha emenda á totalidade.

Sobre o traballo no orzamento pensa que está en condicións de afirmar que o teñen traballado máis que o goberno, entre outras cousas porque están na oposición e non teñen técnicos que lles fagan as contas, que as cadren ou que lles digan de onde se poden sacar cartos ou non e teñen que controlar o orzamento co que saben e co que se pode interpretar do que se facilita. Se o alcalde quere crer que foi por necesidade que non votaron en contra dos anteriores orzamentos é que non entendeu absolutamente nada e máis reafirma a importancia de que hoxe o partido socialista vote en contra deste orzamento.

En relación co dito polo alcalde de que cando chegou ao goberno tivo que pagar facturas de anos anteriores, di que el cando estivo no goberno no ano 2007 tamén pagou facturas anteriores do BNG e o propio BNG pagaría, ao mellor, facturas anteriores da época de Franco, así todos os gobernos entrantes pagan facturas de gobernos anteriores. Cos orzamentos aprobados nesta lexislatura e as modificacións de crédito posteriores, non só se pagaron facturas do partido socialista senón que tamén se pagaron facturas de dous anos do partido popular que quedaron fóra do orzamento, de igual xeito que se fixo outras veces. Respecto do crédito ICO, o seu partido pediulle que o solicitara porque o PSOE quería seguir reducindo a débeda. Di que cando saíron do goberno a débeda, segundo consta na intervención, era dun 29% e dille ao alcalde que lle busque un concello da provincia da Coruña do tamaño de Fene ou superior que teña unha débeda así. É certo que o seu goberno recibiu un concello saneado economicamente e con débeda bancaria moi asumible, así que non é certo que o seu goberno obrase unha milagre. Tampouco lle pode falar de empresas, logo de vivir nos últimos tempos casos como o de Eulen, que tivo facturacións á marxe do contrato, polo que tampouco lle pode dar leccións neste sentido. En relación coas sentenzas, di que os concellos habitualmente teñen preitos e lembra que no seu goberno tamén se fixo o pagamento dunha minuta dun avogado, logo de moito negociada, duns 80.000 euros, por un xuízo que gañou para o concello e, pola contra, vostede tivo que pagar a minuta doutro avogado porque decidiu recorrer unha sentenza que acaba de perder novamente, o que implica o novo pagamento do avogado. Neste sentido, di que os xuíces e os concellos vense as caras moitas veces e iso non arruína a un concello.

Dille ao alcalde que mentiu cando dixo que o PSOE non investira nada e pídelle que lea o orzamento que hoxe trae a aprobar, xa que no capítulo VI, no apartado investimentos reais, danse os seguintes datos: no ano 2006 investíronse 2.600.000 euros; no 2007, 2.104.000 euros (e non foron anos nos que houbo Plan E); no ano 2008, 1.389.000 euros; no 2010, 1.400.000 euros e no ano 2013, 200.000 euros.

Á vista destes datos, di que se isto se corresponde con que non fixeron nada dille ao alcalde que se poña el mesmo o cualificativo que lle corresponda. Afirmar que o partido popular leva dous anos vivindo de rendas, dous anos gastando os cartos que a corporación anterior xestionou para este Concello, executando os plans provinciais do ano 2008 ata o ano 2011 e que o goberno anterior deixou consignados na Deputación Provincial da ; se se van facer uns pasos elevados en Perlió, faranse porque o goberno anterior asinou un convenio co Ministerio de Fomento para deixarlles 2,5 millóns de euros para isto. En definitiva, se vostedes van facer unha galescola é porque tamén houbo un goberno do BNG, logo un goberno conxunto e logo un goberno do PSOE que xestionou esa obra para que a puideran facer, por tanto, nestes dous últimos anos foron incapaces de asinar un só investimento que aportase cartos para Fene. Por todo isto, é ridícula e exigua a cantidade de cartos que hai na partida de investimentos para este ano.

En relación cos informes a que se referiu o alcalde dille que espera que nunca se teñan que gastar cartos en informes xurídicos externos e dille que cando o partido popular estaba na oposición dáballes leña ao seu goberno porque os asuntos non saían adiante e por outra se queixaban de que se fixeran informes xurídicos para que os temas si puideran saír adiante. Se el estivera na situación do actual alcalde, daquela, seguro que tampouco tiña que recorrer a informes xurídicos externos, do cal estaría encantado.

A continuación fai uso da palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, don Manuel Polo Gundín, que di que logo de ver esta especie de vendeta respecto das facturas e non falar do que realmente interesa, que é o que os veciños de Fene teñan uns orzamentos que sirvan para algo e sexan útiles, pensa que os orzamentos que veñen hoxe, que son un resumo do feito no ano 2013, non van ser útiles para a veciñanza neste momento. Fene ten tido orzamentos prorrogados pero nunca tivo uns orzamentos presentados a estas alturas do calendario. Respecto do dito de que a herdanza hai que, di que si, pero cunha diferenza, todos os grupos políticos aquí presentes poden tragar rodas de muiño se fai falla, pero están nun concello e polo tanto teñen capacidade de acción. En relación co debatido hai un momento, di que no mandato anterior non se fixeron os plans provinciais e que todos saben por que, que foi por cuestións administrativas ou internas, e en moitos casos non foi por problemas políticos ao 100%. Lembra que o BNG, neste sentido, pediu unha comparecencia do concelleiro de obras por non ter executado as obras; mentres que para o partido popular era moi beneficioso que non se fixeran as obras, para o BNG era imprescindible que se fixeran, entre outras cousas porque se trataban de acordos plenarios que tiñan o consenso do Pleno e da veciñanza de Fene. Cousas coma esta son a tarefa da oposición e agora ve como o goberno actual fala do único que fixo na oposición, que foi presentar unha emenda aos orzamentos do ano 2008 de 400.000 euros e non unha emenda á totalidade. Aquela emenda foi presentada polo actual concelleiro de

D-0  
360  
150  
P-  
F-  
C-

facenda e rebatida por el, que daquela tiña a responsabilidade da área económica e lembra que, entre outras cousas, non nivelaban os ingresos cos gastos, sendo unha emenda bastante difícil de encaixar e que se cargaba todas as partidas previstas para turismo e promoción económica, que non eran moi significativas; non obstante, as cousas que se prevían daquela, como o concurso de tapas de Fene, séguense a facer este ano grazas a que non se aprobou aquela emenda do partido popular, polo que aquela emenda que presentaron era para cargarse as únicas iniciativas novas que se fixeron daquela no Concello. Por outro lado aquela proposta tamén dicía que había que reducir gastos en cultura e deportes, nas escolas culturais e deportivas, e é certo que o que aforraban nesta partida o investían en camiños; hoxe en día pódese pasar polos camiños de Fene e ver como están, a pesar de ter todos eses cartos dos plans provinciais que tiveron e investiron. Deste xeito, o orzamento que hoxe se trae cos 200.000 euros de inversión van dar para pouco máis que para o pagamento da parte que lle toca do plan provincial deste ano, que ademais probablemente adiquen ao pagamento de gasto corrente en vez de en obras, como se fixo o ano pasado.

Xa dixo que este orzamento está todo gastado agás a carreira Adolfo Ros e o potencial pagamento a Aguagest. Ao respecto, o alcalde dixo que nunca se revisara o contrato e iso non é certo, xa que non se revisou nos anos 2009 e 2010, antes, revisouse sempre. O que non se fixo é actualizar os prezos conforme ao que di o contrato, pero vostedes dende que están aquí, a pesar da insistencia do BNG para revisar as ordenanzas fiscais seguen sen o facer e esa si que vai ser unha herdanza para quen estea aquí no ano 2015, porque os veciños van pagar o custe da depuradora. Outra herdanza será a consecuencia de non ter actualizado os prezos nos últimos anos a Aguagest, xa que o que non se pode facer e ter un contrato e non cumprilo, que é o que está pasando e por iso vostedes fan unha previsión cando o que había que ter feito é cumprir o contrato para que, cando menos, os veciños de Fene non saian máis prexudicados.

Alégrase que o alcalde recoñecera o das subvencións nominativas xa que lle molesta profundamente que se prometa aquilo que non se ten, que foron 3000 euros que se prometeron ás entidades para facer actividades puntuais que xa estaban feitas porque vostedes lles prometeron os cartos e iso non se pode facer porque, como dicía o voceiro do grupo municipal socialista, debe ser o Pleno quen aprrobe esa achega, e non se pode dicir que é a oposición quen non a aproba, máxime sen ter aprobado os orzamentos, en todo caso, isto o podería dicir hoxe e non fai un, dou ou tres meses.

Logo de ver a situación que se vai producir nesta votación dille ao alcalde que baixo o seu punto de vista hai dúas posibilidades: ir directamente a unha cuestión de confianza logo dun mes, como di a Lei, e aprobar estes orzamentos se o resto non se poñen de acordo, para o cal non sabe por que se chegou a estas datas así, porque para impoñer o seu orzamento ben puido telo feito en xaneiro ou febreiro. Recoñece que esta é a opción que menos lle gusta pero tamén hai outra opción que é máis razoable, que é o que se está a facer noutras administracións e a que avanzou antes a voceira do grupo mixto, que é retirar este orzamento e comezar a falar, agora, do orzamento do ano 2014 porque pensa que será mellor; neste senso pregúntalle ao alcalde se non cre que un orzamento aprobado en xaneiro para todo o ano, xa sexa con certo consenso ou mellor cunha ampla maioría, non sería mellor ca este orzamento prorrogado. Dille ao alcalde que esa é a súa proposta, retirar o orzamento, xa que, se non, votarán en contra del.

A continuación fai uso da palabra a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, que di que quere esclarecer que non acusou ao alcalde nin de mentir, nin de enganar nin de contar medias verdades. É certo que o alcalde lle explicou de onde veñen as sentenzas xudiciais pero segue mantendo que se as sentenzas están aí é por un traballo mal feito, independentemente de quen o fixera, que está informada e que non lle pediu ao alcalde que se saltara a lei. Di que algo que sempre defendeu que se pedira nos orzamentos foi a inclusión a gratificación voluntaria, segundo a moción aprobada o ano pasado, se non na súa totalidade noutra un pouco menor, pero pensa que é insuficiente a cantidade que consta nos orzamentos. Non obstante comparte o dito polo voceiro do BNG de ir pola vía de retirar estes orzamentos e comezar a traballar nuns novos para o ano 2014.

Seguidamente fai uso da palabra o alcalde que di que calquera das dúas solucións propostas son factibles pero non se van retirar os orzamentos e, como xa están discutidos, vaise proceder á votación.

**Sometido o asunto a votación foi rexeitada a súa aprobación por 10 votos en contra (4 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), con 6 votos e favor do grupo do PP.**

D-0  
096  
150  
P-  
F:  
C1

**2. Aprobación, se procede, do expediente de modificación da Ordenanza fiscal núm. 24, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, da Ordenanza fiscal núm. 26, reguladora do imposto sobre actividades económicas e da Ordenanza fiscal núm. 27, reguladora do imposto sobre bens inmobles**

Consta no expediente informe de intervención de 15.10.2013, memoria da alcaldía e a seguinte proposta da alcaldía de 15.10.2013 que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego realizada o 21 de outubro do 2013 por 3 votos a favor do grupo municipal do PP, e 5 abstencións (2 do grupo municipal PSOE, 2 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo municipal mixto):

“En relación co expediente de modificación das Ordenanzas fiscais reguladoras do Impuesto de Construcións, Instalacións e Obras, Imposto de Bens Inmobles e Imposto de Actividades Económicas, pola Alcaldía se presenta a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a modificación das Ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmobles, Imposto de Actividades Económicas e Imposto sobre construcións, instalacións e obras nos termos que se indican no anexo que se transcribe a continuación

SEGUNDO: Dacordo co previsto no Art.17 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locales, os acordos adoptados e a modificación das ordenanzas fiscais se exporán ó público por un periodo de trinta días mediante edicto insertado no boletín oficial da provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e nun diario dos de maior difusión da provincia por ser municipio de máis de 10.000 habitantes, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen pertinentes. De non presentarse reclamación algunha contra os acordos adoptados, entenderanse definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionales.

ANEXO

**“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS**

**1º. Engádesse un novo artigo:**

Artigo 4º. Bonificacións

En base ao disposto no artigo 103.2 do TRLRHL establece unha bonificación de ata o 95 % para aquelas obras, instalacións ou construcións que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento do emprego sempre e cando se xustifique tal declaración e sempre e cando supoñan unha ocupación permanente ( indefinida) de postos de traballo de nova creación, dacordo co seguinte detalle

Nº de empregos indefinidos creados	% bonificación
Ata 10 empregos indefinidos	20%
De 11 a 20 empregos indefinidos	40%
De 21 a 30 empregos indefinidos	50%
DE 31 a 40 empregos indefinidos	60%
DE 41 a 50 empregos indefinidos	70%
Máis de 50 empregos indefinidos	95%

Para o outorgamento desta bonificación será necesario solicita-la declaración de especial interese ou utilidade municipal das obras, construcións ou instalacións a executar no momento de solicitar a correspondente licenza. En ningún dos casos otorgarase a bonificación si as construcións, instalacións ou obra non están amparadas coa correspondente licenza.

Xunto coa solicitude deberá achegar unha declaración responsable sobre o número de persoas de nova ocupación que van traballar no local. Nos casos nos que a obra, instalación ou construción se

D-0  
09E  
051  
-P-  
E:  
TC

realice sobre un local que xa viña funcionando, achegarase copia dos tres últimos TC2 formalizados bancariamente, co fin de cotexalos cos TC2 posteriores ó reinicio da actividade.

No prazo dun mes despois da conclusión da obra, deberase entregar copia do xustificante da alta no imposto de actividades económicas, copias dos contratos subscritos para cubrir os postos de traballo de nova creación visados polo INEM e copias dos correspondentes TA2 presentados ante a Seguridade Social. Se transcorre ese prazo sen que se achegue a documentación requirida, liquidaranse as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de mora correspondentes.

Durante os dous anos seguintes, haberanse de presentar cada seis meses copias dos TC2 do persoal que desenvolve a súa actividade no local formalizados bancariamente. Durante ese período de tempo, calquera cambio na ocupación de emprego que supoña, que de solicitarse nese momento o beneficio fiscal non fose concedido, dará lugar a que se liquiden as cantidades bonificadas coa aplicación dos xuros de mora correspondentes.

Esta bonificación será aplicable cando o suxeito pasivo beneficiario da mesma se encontre ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e non tributarias có Concello antes da finalización do prazo de solicitude, así como ter no seu poder todas as autorizacións urbanísticas que lle sesan esixibles de conformidade coa normativa legal e regulamentaria que lle sexa aplicable.

O acordo de declaración de interese público ou utilidade municipal, así como a determinación de porcentaxe de bonificación aplicable será adoptado polo Concello Pleno por voto favorable de maioría simple dos seus membros.

Modifícase a disposición final que queda redactada como segue:

#### DISPOSICION FINAL:

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación o mesmo día da publicación do seu texto íntegro no boletín oficial da provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 26 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Modifícase o contido do artigo 5º. Bonificacións que queda redactado como segue:

#### Artigo 5-.

Aparte das bonificacións previstas no Art. 88.1 do R.D. Lexislativo 2/2004, poderán gozar de bonificacións na cota do imposto:

1.- Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial, e tributen por cota municipal, a partir do momento de entrada en vigor da presente Ordenanza, durante os cinco anos de actividade seguintes ao de conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento desta, de acordo coa seguinte táboa:

Período	Bonificación
1º ano	50%
2º ano	40%
3º ano	30%
4º ano	20%
5º ano	10%

A aplicación da bonificación requirirá que a actividade económica non se exercese anteriormente baixo outra titularidade dentro do termo municipal. Entenderase que a actividade exercese anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos supostos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no parágrafo b) do Art. 3.1. da presente Ordenanza.

A bonificación aplicarase á cota tributaria, integrada pola cota da tarifa ponderada polo coeficiente de ponderación establecido no Art. 7 da presente ordenanza e o coeficiente de situación fiscal previsto no Art. 8 desta. No suposto de que resulte aplicable a bonificación a que alude o parágrafo a) do apartado 1 do Art. 88 do Real Decreto 2/2004, a bonificación prevista nesta letra aplicarase á cota resultante de aplicar a bonificación do citado parágrafo do apartado 1.

A bonificación establecida neste artigo é de natureza regrada e terá carácter rogado, debendo ser solicitada expresamente polo suxeito pasivo ante a entidade local que teña asumida a xestión tributaria do imposto, debendo achegarse ó tempo de presenta-la solicitude de bonificación, copia da declaración de alta do suxeito pasivo na matrícula do imposto.

2.- Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, disfrutarán da seguinte bonificación sobre a cota tributaria:

<b>Incremento do nº de empregados con contrato indefinido</b>	<b>% bonificación</b>
Incremento igual ou superior ó 10%	10%
Incremento igual ou superior ó 20%	20%
Incremento igual ou superior ó 30%	30%
Incremento igual ou superior ó 40%	40%
Incremento igual ou superior ó 50%	50%

Esta bonificación deberá solicitarse dentro do primeiro mes do exercicio no que deba surtir efecto, acompañando a seguinte documentación acreditativa do incremento de plantilla con contrato indefinido:

- Memoria comprensiva dos contratos indefinidos suscritos en cada un dos dous periodos impositivos anteriores ao que deba surtir efecto a bonificación referidos, no seu caso, a cada centro de traballo ou domicilio de actividade a que se refiran as declaracións tributarias sobre as que versa a solicitude de bonificación.
- Copia dos contratos indefinidos comprendidos na citada memoria.
- Copia dos TC1 e TC2 do mes de Decembro dos dous últimos exercicios, anteriores ao que deba surtir efecto a bonificación.

D-0  
369  
150  
P.  
F.  
CI

Esta bonificación será aplicable cando o suxeito pasivo beneficiario da mesma se encontre ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e non tributarias có Concello antes da finalización do prazo de solicitude, así como ter no seu poder todas as autorizacións urbanísticas que lle sexan esixibles de conformidade coa normativa legal e regulamentaria que lle sexa aplicable.

En todo caso a bonificación aplicarase ao centro de traballo no que se incrementou o persoal con contratos indefinidos para a actividade pola que está dado de alta o centro no IAE. O acordo de declaración de interese público ou utilidade municipal, así como a determinación de porcentaxe de bonificación aplicable será adoptado polo Concello Pleno por voto favorable de maioría simple dos seus membros.

Proponse a modificación da Disposición Final que queda redactada como segue:

#### Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do exercicio 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

#### PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 27 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES



Proponse a modificación do artigo 5º que quedaría redactado como sigue:

Artigo 5º. Bonificacións

1.- Terán dereito a unha modificación do 50 % na cuota íntegra do imposto , sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción, e promoción inmobiliaria tanto da obra nova como da rehabilitación equiparable a ésta , e non figuren entre os bens do seu inmovilizado

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior a súa terminación , sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva e sen que , en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos

Para disfrutar da mencionada bonificación , os interesados deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Acreditación da data de inicio das obras de urbanización ou construción de que se trate , a cal se fará mediante certificado do Técnico-Director competente das mesmas, visado polo Colexio Profesional
- b) Acreditación de que a empresa se dedica a actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria , a cal se fará mediante a presentación dos estatutos da sociedade
- c) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación é da súa propiedade e non forma parte do inmovilizado, que se fará mediante copia da escritura pública ou alta catastral e certificación do Administrador da Sociedade, ou fotocopia do último balance presentado ante a AEAT, a efectos do Imposto sobre Sociedades
- d) Fotocopia da alta ou último recibo do imposto sobre Actividades Económicas

2.-Terán dereito a unha bonificación do 50% na cuota íntegra do Imposto , durante os tres períodos impositivos seguintes ó de outorgamento da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas conforme á Normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado que poderá efectuarse en calquera momento anterior ó remate dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos no seu caso dende o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.

3.- Terán dereito a unha bonificación do 95 % da cuota íntegra, e no seu caso, do recargo do Imposto a que se refire o artigo 153 do RD Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais os bens rústicos das cooperativas agrarias e da explotación comunitaria da terra, nos termos establecidos na Lei 20/1990 do 19 de decembro sobre Rexime Fiscal das Cooperativas.

4.- Os suxeitos pasivos que tributen por IBI e que teñan incrementado o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido durante o período impositivo inmediato anterior ao da aplicación da bonificación, en relación co período anterior a aquel, disfrutarán da seguinte bonificación sobre a cota íntegra do imposto a favor dos inmobles nos que se desenrolen as actividades económicas:

<b>Incremento do nº de empregados con contrato indefinido</b>	<b>% bonificación</b>
Incremento igual ou superior ó 10%	10%
Incremento igual ou superior ó 20%	20%
Incremento igual ou superior ó 30%	30%
Incremento igual ou superior ó 40%	40%
Incremento igual ou superior ó 50%	50%

Esta bonificación deberá solicitarse dentro do primeiro mes do exercicio no que deba surtir efecto, acompañando a seguinte documentación acreditativa do incremento de plantilla con contrato indefinido:

- Memoria comprensiva dos contratos indefinidos suscritos en cada un dos dous períodos impositivos anteriores ao que deba surtir efecto a bonificación referidos, no seu caso, a cada centro de traballo ou domicilio de actividade a que se refiran as declaracións tributarias sobre as que versa a solicitude de bonificación.

D-O  
09  
150  
P-  
E-  
C-

- Copia dos contratos indefinidos comprendidos na citada memoria.
- Copia dos TC1 e TC2 do mes de Decembro dos dous últimos exercicios, anteriores ao que deba surtir efecto a bonificación.

Esta bonificación será aplicable cando o suxeito pasivo beneficiario da mesma se encontre ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e non tributarias có Concello antes da finalización do prazo de solicitude, así como ter no seu poder todas as autorizacións urbanísticas que lle sesan esixibles de conformidade coa normativa legal e regulamentaria que lle sexa aplicable.

En todo caso a bonificación aplicarase ao inmovible correspondente ao centro de traballo no que se incrementou o persoal con contratos indefinidos.

O acordo de declaración de interese público ou utilidade municipal, así como a determinación de porcentaxe de bonificación aplicable será adoptado polo Concello Pleno por voto favorable de maioría simple dous seu membros.

Proponse a modificación da Disposición Final que queda redactada como segue:

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do exercicio 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

**A proposta da alcaldía decídese por unanimidade deixar o asunto sobre a mesa para un mellor estudo.**

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 20:55 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

Gumersindo Pedro Galego Feal

Estefanía Manteiga Lamas